



Robin Proper-Sheppard actuará en Santiago de Compostela o próximo 24 de novembro con Sophia, o seu proxecto musical de culto, na súa segunda visita á península en dezaseis anos de carreira. Nun concerto particularmente íntimo e persoal, repasará en solitario temas de toda a traxectoria da banda e corresponderá ás peticións realizadas polo público vía correo electrónico. O recital forma parte do ciclo *Autorretratos*, programado pola Asociación [Desconcerto Cultural](#) para este outono: unha serie de concertos que ofrecen unha mirada retrospectiva en formato acústico e que tratan de achegarnos aínda máis a cancións que marcaron a vida de moitos de nós.

Desconcerto Cultural está a organizar un evento moi especial para celebrar a visita de Robin. Partindo da intención do artista de converter a xira *At home with Sophia* nunha sucesión de encontros íntimos co público, a asociación deseñou un decorado que vai transformar o pub Cachán da capital galega nun salón acolledor, un fogar no que compartir unha velada ateigada de música e de complicidade. Dadas as características do concerto, as entradas serán limitadas de necesidade, e poderanse adquirir por anticipado a un prezo de sete euros en A Reixa Tenda e a través da internet (<http://sophia.ticketea.com>).

Sophia é a nena consentida de Robin Proper-Sheppard. O proxecto, nado das cinzas de God Machine tras a morte do seu baixista e a disolución do grupo, serviu como válvula de escape para este americano asentado en Londres. Xa dende o seu álbum de debut, *Fixed Water*, publicado en 1996 cunha notable acollida por parte da crítica, Sophia sentou as bases dunha sonoridade melancólica e introspectiva, que oscila entre a orquestración ampulosa e o espido emocional.

Logo de cinco discos de estudio, a única oportunidade de vermos a Sophia en España tivo lugar durante o festival Primavera Sound 2005, cunha actuación memorable na que Robin estivo acompañado dun cuarteto de corda. A xira actual, que xa foi presentada con éxito en media Europa antes do verán, fará parada en Donosti antes de recalar en Santiago de Compostela, e a seguir formará parte da programación do Festival Sonora en Vigo e do Primavera Club en Madrid e Barcelona.



Co ciclo *Autorretratos*, Desconcierto Cultural comeza o seu labor como asociación sen ánimo de lucro, encamiñada a dinamizar a escena galega con iniciativas e proxectos culturais de todo tipo, coa música como referente principal. O espectacular concerto do norteamericano Greg Dulli na sala Capitol de Santiago marcou o inicio do ciclo e da programación musical de Desconcierto Cultural.

**At home with *Sophia***

Pub Cachán (Santiago de Compostela)

24/11/10 22.00 h

Porta: 9 € Anticipada: 7 € Socios: 5 €

Entradas á venda en: A Reixa Tenda (SQC) e <http://sophia.ticketea.com>.

Máis información:

<http://sophia.bandcamp.com/>

<http://www.myspace.com/thesophiacollective>

Contacto: Manuel Suárez. Asociación Desconcierto Cultural.

-----  
[www.desconciertocultural.com](http://www.desconciertocultural.com)

[www.autorretratos.es](http://www.autorretratos.es)

-----  
t> 629285349

e> [info@desconciertocultural.com](mailto:info@desconciertocultural.com)

